

NOSOTROS (cristianos viejos) y LOS OTROS (musulmanes, moriscos, marranos): HIJOS de un MISMO DIOS, HIJOS de ARISTÓTELES

Baixo este título, o catedrático de filosofía Jorge Álvarez Yágüez, presentado pola catedrática de Historia deste centro, Rosa Pascual Abal, ofreceu un percorrido pola historia do pensamento occidental, que enlazaría a filosofía aristotélica nun grande decurso no que sinalaría, entre outros, aos pensadores islámicos *ibn Sina* (Avicena), autor do *Canon* da medicina medieval, e *ibn Rushd* (Averroes), “o Comentador” de Aristóteles; ao xudeo *Moshe ben Maimón* (Maimónides); ou, xa incluso na filosofía occidental, a Santo Tomás de Aquino, o “Doutor Anxélico”, cumio da Escolástica medieval e intérprete riguroso da dialéctica aristotélica, ou a Francisco de Vitoria, dominico, figura senlleira da Escola Española do Dereito Natural.

Partindo dunha análise das supostas diferenzas que caracterizarían, nunha interpretación vulgar, ás civilizacións actuais, o profesor Álvarez Yágüez ofreceu ao auditorio, composto polo alumnado de 2º curso de bacharelato e dos ciclos da formación profesional, unha visión histórica dunha recepción das ideas que unen, e non separan, ás tres culturas ou relixións “do libro”.